



## MOCIÓN

D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de SANXENXO

### **EXPÓN:**

- No mes de xuño de 2004 inaugurouse a praza pública de Vilalonga, situada entre a estrada xeral e o campo de fútbol. Esta alameda está á espera de completar a actuación co traslado da edificación que se atopa ao carón do parque infantil.
- O lugar ao que se pretende trasladar a devandita edificación, figura grafiado no PXOM como vial de nova construción o que imposibilita a súa edificación.
- Por estas circunstancias os terreos nos que se atopa a nova alameda ou praza pública, non foron cedidos ao Concello, figurando índa a día de hoxe a nome do seu propietario particular.
- Os orzamentos do presente ano 2006, no anexo de investimentos, contemplan unha partida de 60.000 euros baixo o epígrafe: “Consolidación da praza de Vilalonga”, que a día de hoxe está sen executar.

Por todo o exposto:

### **SOLICITA:**

Que o Pleno da Corporación inste ao O.A. Xerencia Municipal de Urbanismo para que inicie expediente de modificación puntual do PXOM que facilite levar a cabo as actuacións plantexadas e así poder facer efectiva a cesión dos terreos ao Concello por parte do seu actual propietario.

Sanxenxo, 28 de novembro de 2006

Asdo.: Roberto A. Fernández Lores  
Portavoz do BNG

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANXENXO**